

UNHA NOVA FP PARA O IES DE NEGREIRA: O CICLO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

Adelino J. Pose Reino
Director do IES Xulián Magariños – NEGREIRA.

A atención ás distintas situacións de Dependencia -terceira idade, discapacidade, poboacións con risco de exclusión social...- é algo que cada vez suscita un maior interese, tanto en colectivos e entidades -residencias, centros especializados- como na asistencia domiciliaria familiar. E con frecuencia precísanse profesionais cun bo grao de formación para atender estas necesidades sociais, tanto no medio rural coma no urbano.

O IES Xulián Magariños de Negreira está situado na ruta do Camiño Santiago-Fisterra, na capital dunha extensa contorna que é vía de comunicación coa Costa da Morte. É un centro de ensino secundario, xeitoso para incorporar estudantes das comarcas próximas da Maía, Xallas e Val do Dubra. Xa agora ten matriculado alumnado da ESO, Bacharelato, FP Básica e ciclos de FP, medio (Actividades Comerciais) e superior (Sistemas Informáticos). Tamén logramos dende hai uns anos unha sección da EOI de Santiago, onde se aprenden varios niveis de Inglés. Pero temos capacidade para ampliar a nosa oferta educativa, no servizo a toda esta poboación. De aí que no actual curso académico pensamos que sería bo solicitar un novo Ciclo Medio de FP: precisamente o de Atención a persoas en situación de Dependencia, que sen problema podería comezar a impartirse xa no vindeiro curso 2018-2019. Así llo fixemos saber á Dirección Xeral de Formación Profesional e Innovación Educativa, a través dunha solicitude presentada nos comezos deste mes de marzo.

Ademais da territorial, son varias as razóns polas que decidimos pedirlle á Consellería de Educación que nos conceda a implantación dese ciclo de FP en Negreira. Entre elas, subliñamos: agrandar a oferta formativa para unha ampla zona, a situación de avellentamento que se vive no noso país (máis acusada no sector rural), que solicita cada vez máis este tipo de persoal coidador e con boa cualificación, a existencia de tan só catro centros de ensino público nos que se imparte este Ciclo na provincia da Coruña. Tamén a realidade de que hai xa varios centros operativos de atención a diversas dependencias nesta comarca -e outros en proxecto-, ó que debe engadirse a situación estendida de persoas maiores que viven soas ou enfermas, e con necesidades de atención domiciliaria. Poderíamos engadir que dispoñemos no IES Xulián Magariños de instalacións suficientes e adecuadas para poder ofertar ese ciclo, avaliando que non son moi cuantiosas as inversións que se requirirían para poñelo en marcha. E ademais afirmamos que os estudos demográficos apuntan na liña de dedicarlle atención a profesións coma esta, que achegan unha opción laboral transversal atinada para varios tramos de idade e diferentes perfís dos estudantes.

Nesta solicitude contamos co apoio do conxunto da comunidade escolar do noso Centro, varias entidades locais e comarcais, así como dos concellos de Negreira e da Baña, a través dos seus respectivos alcaldes e corporacións municipais. Agora falta só a toma das decisións positivas por parte de quen pode autorizar e implantar en Negreira este CM de Atención á Dependencia. Dende a dirección do noso IES seguimos traballando neste obxectivo e facendo as xestións que consideramos máis propias para conseguilo. Mantemos a esperanza de logralo.

Por todo o que expoñemos e mais pola súa novidade, estamos seguros de que este ciclo educativo acadaría un importante número de matrícula, xa que ofrece un servizo moi demandado e unha saída profesional para esta comarca barcalesa e as poboacións próximas.

Negreira, 23 de marzo de 2018.